

ACTIVIDADES DE GRUPO PARA COMPRENDER A REALIDADE*

Xosé Enrique Pujales Martínez

I.E.S. Agra de Leborís.
Laracha (A Coruña)

RESUMO

Aínda que o traballo presentado ao Premio SGAPEIO estaba constituído por un conxunto de actividades divididas segundo a unidade temática que tocaban (probabilidade, distribucións de probabilidade, mostraxe e inferencia estatística), no reducido espazo do cartel só poden estar recollidas unhas poucas, e a súa mención está organizada segundo a finalidade que perseguía.

Así, no traballo aparecían actividades que tiñan as seguintes finalidades:

1. Combater a irracionalidade e a superstición.
2. Reflexionar sobre o custe social o custe social dalgunhas medidas restrictivas ás liberdades individuais.
3. Desbotar a inxenuidade e utilizar o pensamento crítico para evitar ser estafados.
4. Aprender a detectar informacións nesgadas.
5. Buscar a obxectividade en experimentos nos que interveñen persoas.
6. Comprobar a capacidade creativa da estatística.
7. Apreciar a beleza e o enxeño das matemáticas.

No cartel mencionáranse estas finalidades, presentándose como exemplo unha actividade de cada tipo.

* Traballo gañador do II Premio SGAPEIO á Innovación Pedagóxica en Centros de Educación Secundaria